

El Progreso

Galiciae

O espertador

Os monstros mariños centrarán unha xornada de literatura oral

Etiquetas: monstruos marinos, jornada, literatura oral

Marta Becerra / El Progreso (Lugo). XA HAI DATA para a sexta edición da xornada de literatura de tradición oral. Será o 9 de novembro, na Deputación, e celebrarase desde as dez da mañá ata as oito e media da noite. A xornada foi presentada onte polo delegado de cultura e turismo da Deputación, Mario Outeiro, nun acto ao que asistiron tamén Isidro Novo e Antonio Reigosa, da Asociación de Escritores de Lingua Galega (AELG).

Esta xornada virará ao redor das historias, os mitos e os monstros do mar de Galicia. O colofón vaino a pór o recital poético multimedia 'Transfusión oceánica', a cargo de Xosé Iglesias, un mozo de Cee que é patrón de pesca de altura.

Na súa intervención, Mario Outeiro sinalou que «estas xornadas cumpren cun labor importantísimo, xa que son un elemento enormemente útil de cara a manter vivo o noso patrimonio cultural inmaterial: non en van, as actas das xornadas editanse xunto con material audiovisual para poder ser empregadas con fins didácticos».

Finisterrae

O delegado de Cultura tamén afirmou, no seu discurso de presentación da sexta xornada de literatura oral, que «Galiza e os galegos e galegas temos no mar parte da nosa identidade: o Finisterrae tan mítico que todos temos en mente. O noso mar é a morada de sereas, de homes mariños, de cidades e barcos misteriosos, pero tamén é un camiño de ida e volta polo que transitaron e aínda transitan homes e mulleres de carne e oso. Emigrantes, mariñeiros, aventureiros, heroes engaiolados por ese horizonte que se esvaece canda o solpor».

A USC recoñece con catro créditos ECTS as actividades ofertadas nas escolas deportivas.

A USC recoñece con, ata catro créditos ECTS, o desenvolvemento das distintas actividades ofertadas nas súas escolas deportivas. Este curso, o campus mantén aberta a inscrición nas clases de acondicionamento físico, danza oriental, GAP, esgrima, ioga, pilates, squash, xadrez, aeróbic, step e ximnasia. A oferta foi presentada onte polo vicerreitor, Pedro García Herradón; o director do servizo de Deportes, Miguel Magán, e o responsable do servizo no campus, Jesús Castro.

O prazo de inscrición na oferta deportiva da USC, dirixida especialmente aos membros da comunidade universitaria, pero aberta tamén á participación do alumnado preuniversitario e do

resto da cidadanía en xeral, aínda segue aberto a pesar de que xa hai grupos pechados. A USC tamén mantén aberta, ata o día 31, a inscrición nas ligas internas de baloncesto, fútbol, fútbol 7, fútbol sala, rugby e voleibol mixto. Ademais, a semana que vén abrirá o prazo para que os membros da comunidade universitaria interesados inscribanse no circuíto de carreiras populares Corre con Nós.

[Consiga AQUÍ a información completa](#)

17/10/2013